



CONVENIO DE COLABORACIÓN QUE REGULA A SUBVENCIÓN, MEDIANTE CONCESIÓN DIRECTA DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA AO CONCELLO DE SALVATERRA, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO “INSTALACIÓN DE PANTALÁN EN SALVATERRA DE MIÑO”.

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2016

Reunidos:

Dunha parte, a Xunta de Galicia, a través da Axencia de Turismo de Galicia e da súa representante

- a) M^ª Nava Castro Domínguez, directora da Axencia de Turismo de Galicia en virtude do Decreto 34/2013, do 21 de febreiro no exercicio das facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

E doutra parte o alcalde presidente do Concello de Salvaterra, Pontevedra

- b) _____, en virtude da súa condición de alcalde presidente da corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, 61.1 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia e o artigo 41.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar validez o presente convenio

EXPOÑEN:

Primeiro.- O Decreto 196/2012, do 27 de setembro, crea a Axencia Turismo de Galicia, entidade co obxectivo básico de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo. Entre as competencias da Axencia de Turismo de Galicia está a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo que se desenvolvan no ámbito da administración da comunidade Autónoma.

O pantalán que se pretende construír na contorna da “Ponte Internacional Joao Verde e Armador Saavedra” que comunica as localidades de Salvaterra de Miño, está moi próxima ao Parque-Xardín público de “A Canuda”, que é unha zona de lecer do pobo. Ademais ao pantalán poderase acceder a través dun embarcadoiro existente, que era utilizado antigamente para o transbordador Salvaterra – Monçao, e que protexerá a instalación das correntes do río.

Segundo.- Salvaterra de Miño é un municipio da provincia de Pontevedra que fai fronteira con Portugal, que se atopa na outra marxe do río Miño. Este municipio atópase á súa vez na fronteira meridional da provincia de Pontevedra, na confluencia dos vales dos ríos Tea e Miño e tendo en conta como límites de carácter natural, a Serra de Paradanta.

Ao norte linda cos concellos de Mondariz e Pontearreas, mentres que polo sur, con Portugal. Ao oeste linda con Salceda de Caselas e ao leste co concello das Neves.



O municipio está conformado por 17 parroquias que presentan unha altitude media de 100m sobre o nivel do mar, sendo escasas as elevacións que superan os 300m.

A súa orografía, relevo e gran presenza de auga, fan deste lugar unha zona envidiable polas súas plantacións de carácter vitivinícolas e hortícolas.

Por outra banda o concello está dotado de diversas zonas de recreo e paseos fluviais xunto ao río Miño, que constitúen zonas de lecer do veciños pobo e visitantes do concello .

A construción deste pantalán aumenta ás posibilidades de disfrute que ofrecen estas zonas fluviais a carón do río Miño.

Terceiro.- Que os artigos 193.1.b. e 195.h. da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscrición de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante o proxecto de construción do pantalán é necesaria a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido de dita cooperación.

Por iso, formalizan o presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as bases reguladoras da **concesión directa dunha subvención** por parte da Axencia Turismo de Galicia ao Concello de Salvaterra de Miño **para financiar os custos derivados da execución do proxecto denominado** “instalación de pantalán en Salvaterra de Miño”, coa finalidade de realizar as obras necesarias.

Segunda.- Obrigas do Concello de Salvaterra

O Concello de Salvaterra comprométese a cumprir as obrigas citadas no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en concreto as seguintes:

1. Levar a cabo as accións obxecto do convenio, co compromiso de manter o investimento e destinar o ben ao fin concreto para o cal se concede a subvención por un período de cinco (5) anos como mínimo.
2. Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a posta en funcionamento prevista e a forma de explotación da obra financiada.
3. Remitir á Axencia Turismo de Galicia unha copia completa do proxecto básico e de execución subvencionado unha vez aprobado e supervisado polos órganos municipais competentes.
4. Tramitar coas administracións competentes os permisos e autorizacións necesarias para a realización do obxecto do convenio.



5. Acreditar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme ao indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
6. Presentar declaración das axudas públicas obtidas para a mesma finalidade, de conformidade co establecido no artigo 11 do apartado d), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
7. En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.
8. Dar o seu consentimento para a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial da Axencia Turismo de Galicia e nos rexistros públicos, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regula os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
9. Incluír en toda a documentación, publicación, maqueta, páxina web e cartelería que se realice sobre o obxecto do convenio, que os mesmos se realizan “coa colaboración da Xunta de Galicia – Axencia de Turismo de Galicia”, utilizando a marca Galicia regulada por Decreto 121/2011, de 16 de xuño, así como no cartel de obra correspondente con indicación da contía aportada pola Axencia Turismo de Galicia.
10. Reintegrar total ou parcialmente, a subvención percibida e o xuro correspondente dende o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro no suposto de incumprimento das condicións establecidas no presente convenio así como cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.

Terceira.- Obrigas da Axencia Turismo de Galicia

A Axencia Turismo de Galicia achegará ao presente convenio a cantidade fixa de douscentos corenta mil catrocentos oitenta e un euros con corenta e seis euros (240.481,46 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0 (código de proxecto 2015 00006) procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. A distribución dos fondos realizarase en dúas anualidades:

- a) Primeira anualidade: 63.000 € con cargo ao orzamento do ano 2016
- b) Segunda anualidade: 177.481,46 con cargo ao orzamento do ano 2017

A contía unicamente se verá reducida no caso de que o custo da acción subvencionada sexa inferior a 240.481,46 €.



Cuarta.- Entrada en vigor

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata o 30 de outubro de 2017.

Quinta.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o Concello de Salvaterra de Miño para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

- a) A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.
- b) Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Concello de Salvaterra de Miño, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O concello será o responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.
- c) Os subcontratistas están obrigados/os a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

O beneficiario non poderá concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- 1. Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 2. Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- 3. Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- 4. Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Sexta.- Constitución dunha comisión de seguimento

Constituirase unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio e resolva as controversias xurdidas como consecuencia da execución deste.

A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes, nomeados polos



seus máximos responsables que se reunirá por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

Sétima. – Carácter das actuacións

As características das actuacións obxecto deste convenio son de interese xeral: potenciar a oferta turística do Concello de Salvaterra de Miño mediante a potenciación do uso do pantalán como un espazo natural no que se podan desenvolver actividades relacionadas co ocio e co turismo.

Oitava.- Compatibilidade da axuda

A contribución económica da Axencia de Turismo de Galicia para a realización das actividades obxecto deste convenio é compatible con outras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade, sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo das actividades subvencionadas.

Novena.- Xustificación

O prazo para xustificar por parte do Concello de Salvaterra de Miño a aplicación dos fondos percibidos remata o 15 de decembro para a anualidade de 2016 e 30 de outubro para a anualidade de 2017, polo que deberá remitir antes desa data a documentación requirida, todo iso conforme co artigo 28 da referida Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e co artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (rendición da conta xustificativa), así como o previsto nos artigos 8, 10 e 11 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada de acordo co punto 1 do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente do Concello de Salvaterra de Miño, que estará obrigada a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas, de acordo co punto 1 do artigo 3 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas. Non obstante, no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención, de acordo co punto 2 do artigo 3 do citado Decreto 193/2011 do 6 de outubro.

A contribución económica da Axencia de Turismo de Galicia minorarase de forma proporcional no caso de que o Concello de Salvaterra de Miño xustifique un gasto menor a 240.481,46 €. O importe que supere esta cifra será afrontado integramente polo Concello de Salvaterra de Miño,



coa salvidade do exposto na cláusula oitava.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio. A Axencia Turismo de Galicia procederá a **comprobación material do investimento** deixando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada tanto polas partes, de conformidade co disposto no artigo 60.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O Concello de Salvaterra de Miño presentará a conta xustificativa, que conterá:

- a) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, de conformidade co disposto no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.
- b) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención
 - Os distintos conceptos e contías correspondentes ós gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do acredor, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será exixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra b).
- d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- e) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- f) Certificación da Secretaría do Concello, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa, que conterá unha relación dos gastos efectuados con medios ou recursos propios, ordenada segundo o concepto a que se atribúe, con identificación do/a acredor/a e do documento, importe e data de emisión.
- g) Ademais deberá incluírse unha certificación emitida polo/a secretario/a-interventor/a ou interventor/a de que os gastos relacionados foron aplicados ao cumprimento do proxecto subvencionado.
- h) Certificación da execución realizada expedida pola empresa contratista, asinada polo director de obra, supervisada polo técnico municipal e conformada polo órgano competente municipal, acompañada dunha memoria xustificativa do director de obra e



dunha reportaxe fotográfica da obra realizada

- i) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e /ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra b).
- j) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe a a súa procedencia.
- k) No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos intereses derivados destes.

Décima.- Pagamento anticipado

Conforme ao artigo 6.3 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e o 63.4 do decreto 11/2009, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención de ata un 100% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Conforme ao artigo 65.4.c do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia o Concello de Salvaterra de Miño queda exonerado da constitución de garantía.

Décimo segunda.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, no seu caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do presente convenio.

Décimo terceira.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O cumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.



Décimo cuarta.- Natureza xurídica do convenio

Este convenio ten natureza administrativa, e recolle a concesión directa dunha subvención quedando fóra do ámbito do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado c) do artigo 4º, polo que se rexerá ademais de polo disposto nas súas cláusulas pola seguinte normativa:

- a) Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións
- b) R.D. 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve nos seus preceptos declarados básicos
- c) Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia
- d) Decreto 11/2009, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo
- e) Decreto 132/2006, do 27 de xullo, que regula os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005 de 29 de decembro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006
- f) Decreto 126/2006, que regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia
- g) Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno
- h) Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas
- i) demais normas de dereito administrativo aplicables, ou no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

En consecuencia, correspóndelle á Axencia Turismo de Galicia ostentar a prerrogativa de interpretación do mesmo, e a de resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos neste senso inmediatamente executivos, contra os cales poderanse interpor os correspondentes recursos pola vía contenciosa administrativa.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso administrativo (artigo 8.3 da Lei 30/1992)

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento. Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubrícano por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

A directora de Turismo de Galicia

O alcalde do concello de Salvaterra de Miño

M. Nava Castro Domínguez